

# A vida das plantas 🎬





Seguiremos trabajando:

Elaboración de esquemas

Exposición oral e escrita de definiciones sinxelas

Comezamos...



Que sabemos sobre as plantas?

Son todas iguais?

Son seres vivos?



Respiran?



Realizan as funcións vitais?



Que teñen en común ?



Como se reproducen?



Son necesarias?

Como se alimentan?

## QUE SON AS PLANTAS?



As plantas son seres vivos que realizan as tres funcións vitais.

## CARACTERÍSTICAS DAS PLANTAS

- Están suxeitas á terra. Non se poden desprazar.
- Adoitan ter cor verde.
- Son autótrofas: fabrican o seu propio alimento.
- Adoitan estar divididas en raíz, talo e follas.

## Como son as plantas?



As plantas divídense en tres partes:

Raiz



Talo



Follas



# A Raíz



A raíz é a parte que suxeita a planta ao terreo e absorbe do solo auga e outras substancias.

As plantas teñen diferentes tipos de raíces:



Unha raíz principal,  
grosa, e outras  
máis pequenas  
que saen dela,  
como o dente  
de león.

Moitas raíces  
pequenas e  
finas e case  
iguais entre sí,  
como o trigo.

Algunhas raíces  
almacenan  
alimentos. Son  
grosas e  
algunhas son  
comestibles,  
como a cenoria.

# O Talo



O talo sostén a planta e transporta a auga e outras substancias a todas as súas partes. Adoita dividirse en ramas.

Hai diferentes tipos de talos:

## ✓ Talos herbáceos



Os talos herbáceos son finos brandos, flexibles e, normalmenter verdes. Estes son os talos das herbas.

## ✓ Talos leñosos: son duros e ríxidos.



Nas árbores o tronco ten ramas que medran afastadas do solo.



Nos arbustos o tronco é moi curto e as pólas saen preto do solo.

# As follas

As follas son as encargadas de fabricar o alimento. Son de cor verde e teñen dúas partes:

É a parte larga e plana da folla



As follas diferéncianse unhas doutras por:

✓ A forma do seu limbo



✓ A forma do seu bordo



## Árbores de folla caduca



Perden as súas follas de forma natural nas estacións frías ou secas, para aforrar enerxía e adaptarse mellor á luz.

Carballos, olmos, faias, bidueiros e chopos son árbores de folla caduca.

## Árbores de folla perenne



Conservan as súas follas verdes durante todo o ano.

piñeiros, oliveiras, cipreses, cedros ou mimosas son árbores de folla perenne.



# Partes das plantas

## Flores

Atraen aos insectos amantes do néctar para a polinización

## Follas

Absorben a luz do sol e empregan a enerxía para fabricar o seu propio alimento


## Talo

Sostén a planta e leva a auga e outras substancias do solo ás follas

## Raíces

Toma auga e suxeita a planta firmemente ao solo

Aquí deixovos un resumo do aprendido ata agora.





# A nutrición das plantas

A nutrición das plantas é moi distinta da nutrición dos animais: as plantas son capaces de fabricar o seu propio alimento. Por iso dicimos que son AUTÓTROFAS.

## A fotosíntese

o proceso mediante o que as plantas fabrican o seu alimento. Para poder levala a cabo, as plantas precisan:



# Pasos da fotosíntese


As plantas captan **dióxido de carbono** e **luz solar**.

3

A enerxía do sol serve para transformar o zume bruto e o dióxido de carbono en **zume elaborado**.

4

O zume elaborado está formado por auga e polos alimentos da planta e distribúese por todas as súas partes.



Como producen as plantas o seu alimento



2


O **zume bruto** ascende polo talo ata as follas.

1

As plantas absorben **auga** e **sales minerais** do solo a través da raíz. Esta mestura chámase **zume bruto**.


# Como respiran as plantas?

Igual que os animais, as plantas necesitan respirar para poder vivir. As plantas respiran de día e de noite.




As plantas toman osíxeno do aire e expulsan dióxido de carbono e auga

Para levar a cabo este proceso, as plantas contan cos ESTOMAS, que son unha especie de poros que se atopan no reverso das follas.




Os estomas ábreense e péchanse continuamente. Na respiración, captan o osíxeno do aire e expulsan o dióxido de carbono e a auga.

Os estomas tamén participan na fotosíntese, expulsando o osíxeno e captando o dióxido de carbono e a auga.




Por donde e como respiran as plantas?



Diferencia entre respiración e fotosíntese

# DIFERENCIA ENTRE A FOTOSÍNTESE E A RESPIRACIÓN DAS PLANTAS



## A reprodución das plantas

### Reproducción sexual

A maioría das plantas reproducense mediante flores que, despois, forman froitos e sementes

### Reproducción asexual

A partir dun anaco dunha planta nace unha nova planta idéntica a ela.

# A reprodución sexual



A flor


O froito

A semente

## Partes da flor

O PISTILO. É a parte feminina da flor. Ten forma de botella, cunha parte máis abultada: O OVARIO.

OS ESTAMES. Son a parte masculina da flor. Producen os grans de POLE.



A COROLA. Está formada por varias follas de cores chamadas PÉTALOS

O CÁLIZ. Está formado por unhas folliñas verdes chamadas SÉPALOS

## Partes da flor




## Como se reproducen as plantas


1. Nos estames fórmase o pole.

2. Un gran de pole chega ao pistilo doutra flor, transportado polo vento ou polos insectos.

4. Cando a semente cae á terra, xermina e dá orixe a unha nova planta.

3. O ovario madura e transfórmase no froito, que contén as sementes.





## O froito e a semente

O froito transporta uha semente ou varias. Tipos de froitos:

### Froitos carnosos




Teñen moita auga dentro deles

### Froitos secos



Teñen pouco auga no seu interior

A semente ten dentro alimento e unha plantiña moi pequena, chamada embrión.



# A importancia das plantas



Para o medioambiente

Para as persoas



- Para a alimentación dos animais e do ser humano.
- Producen osíxeno cando realizan a fotosíntese.
- protexen o solo e evitan que o arrastre a chuvia e o vento.



- proporcionan alimento ás persoas e ao gando.
- Para elaborar medicamentos.
- O papel e os mobles proceden da madeira das árbores.
- hai plantas que teñen un uso decorativo de parques, rúas, casas ...




Para saber mais... e moitas  
curiosidades



As árbores



Nutrición e relación das  
plantas



Curiosidades das  
plantas



Curiosidades das flores



Escoitamos ....



El Concierto de Aranjuez